



XUNTA DE GALICIA

**PLAN ESTRATÉXICO DE  
XUVENTUDE DE GALICIA 2014-  
2016**

**Horizonte 2020**

**“Xuventude 2016”**



XUNTA DE GALICIA

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO NORMATIVO**
- 3. MOCIDADE EN NÚMEROS**
- 4. PRINCIPIOS REITORES**
- 5. METODOLOXÍA**
- 6. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**
- 7. EIXOS DE ACCIÓN**

**Eixo 1: Xuventude e educación.**

**Eixo 2: Xuventude e emprego.**

**Eixo 3: Xuventude, creatividade e espírito emprendedor.**

**Eixo 4: Xuventude e vivenda.**

**Eixo 5: Xuventude, saúde e deporte.**

**Eixo 6: Xuventude, participación e asociacionismo.**

**Eixo 7: Xuventude e voluntariado.**

**Eixo 8: Xuventude, información e formación.**

**Eixo 9: Xuventude, mobilidade e turismo.**

**Eixo 10: Xuventude e dinamización lingüístico.**

**Eixo 11: Xuventude e igualdade.**

- 8. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO**
- 9. MEMORIA ECONÓMICA**



## 1. INTRODUCCIÓN

A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa mocidade galega a través da posta en marcha do Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. “Xuventude 2016”, un documento que non nace como unha proposta illada, senón que é a continuación das políticas públicas en materia de xuventude desenvolvidas pola Xunta de Galicia.

Unha vez esgotado o período de vixencia do *III Plan Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega*, é necesario consolidar os logros obtidos e dar continuidade ao afán de fomentar o potencial dos mozos e mozas de Galicia establecendo un novo marco de actuación plurianual. A experiencia adquirida a partir da observación dos resultados do anterior plan, serve como punto de partida para aplicar melloras á hora de elaborar, tras a aprobación da *Lei 6/2012, do 19 de xuño*, este novo **Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia**, coa premisa principal de investir na mocidade galega. Garántese a participación dos mozos e mozas na vida política, económica, social e cultural da nosa comunidade de xeito estruturado a través de accións que valoren e consoliden o seu protagonismo.

O novo marco normativo no ámbito da xuventude, a *Lei 6/2012, do 19 de xuño de xuventude de Galicia*, regula o Plan estratéxico de xuventude de Galicia, como instrumento que establecerá o marco de actuación plurianual nas políticas de xuventude, fixando os obxectivos estratéxicos que se deben cumprir durante a súa vixencia, así como os obxectivos operativos que cómpre acadar anualmente. Di a Lei no mesmo artigo 4, que o Plan estratéxico de xuventude de Galicia será o principal instrumento para acadar a transversalidade en materia de xuventude co resto de consellarías da Xunta de Galicia, así como a coordinación coas diferentes administracións públicas que incidan no seu ámbito de aplicación.



## XUNTA DE GALICIA

Se trata pois dun documento aberto, que aposta pola transversalidade e integración, onde, de maneira coordinada e interdepartamental co resto de consellarías, se plantexan as accións a realizar para acadar unha mocidade comprometida, participativa, motivada e con oportunidades en todas as facetas da vida.

Para acadar esta transversalidade e coordinación, a Lei crea tamén o **Comité Galego de Políticas de Xuventude**, como órgano colexiado de coordinación interdepartamental e insterinstitutional adscrito á consellaría competente en materia de xuventude. A súa misión é a de establecer as bases que vertebran o Plan estratéxico de xuventude de Galicia, de xeito que se acade a transversalidade e coordinación coas distintas consellarías da Xunta de Galicia nas políticas públicas en materia de mocidade.

Este Comité, logo das designacións oportunas, componse dos seguintes membros:

PRESIDENCIA	Persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia
VICEPRESIDENCIA	Persoa titular da consellería competente en materia de xuventude.
SECRETARÍA	Funcionario ou funcionaria con nivel orgánico de subdirector/a xeral adscrito ao órgano directivo competente en materia de xuventude.
VOGALÍAS	Consellarías da Xunta de Galicia, nos seguintes termos: <ul style="list-style-type: none"><li>1ª Os ou as titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.</li><li>2ª O órgano directivo competente en materia de xuventude.</li><li>3ª Tres representantes, con nivel orgánico de secretario ou secretaría xeral técnico</li></ul>



## XUNTA DE GALICIA

	ou director ou directora xeral de cada unha das consellerías da Xunta de Galicia, designados pola persoa titular da consellería respectiva.
	Un ou unha representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.
	Un ou unha representante do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

O Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. “Xuventude 2016” é tamén un documento flexible. Somos conscientes e sensibles ás dificultades e novos retos cos que se atopa a mocidade galega, polo que entendemos que a realización das diferentes actuacións pode sufrir modificacións ou variacións co fin de axustarse ás necesidades e/ou prioridades existentes en cada momento e asegurar a súa efectividade a prol da mocidade.

A efectos cuantitativos, como destinatarias deste Plan, e en coherencia co establecido no artigo 2 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, consideramos persoas novas as que teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos inclusive, residentes na Comunidade Autónoma galega. Dito colectivo, ao que o documento vai destinado, confórmano 448 339 (datos 2013 IGE-INE) mozos e mozas. Esta consideración é conceptualmente relativa dada a enorme variedade de perfís, situacións e requirimentos que precisa a mocidade ao longo desta etapa da vida, un ciclo vital de preparación para o mundo adulto que resulta tan rico en produción social e en referentes sociais, culturais e políticos. Temos en conta na elaboración deste **Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia**, en consecuencia, tanto as especificidades que diferencian entre si aos mozos e mozas, como as circunstancias comúns ás que se enfrontan nesa evolución cara á idade adulta. Aplicamos tamén, neste senso, o principio básico de igualdade que garanta a non discriminación por razón de idade, sexo ou calquera outro signo diferencial.



## XUNTA DE GALICIA

O feito de delimitar a franxa de idade anteriormente citada, aspecto xa considerado no *III Plan: Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega*, ten moito que ver coa evolución do modelo social, a educación, a situación do mercado laboral e o atraso na emancipación. Nestas circunstancias, os nosos mozos e mozas, xerme do futuro de Galicia, precisan dunha planificación continuada que propicie condicións que faciliten o desenvolvemento da aprendizaxe, oportunidade e experiencia necesarias para xogar un papel activo na sociedade que virá.

O Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. “Xuventude 2016” abrangue, polo seu carácter transversal e integrador, un sistema de elaboración coordinado, que se basea na análise e a diagnose, e fixa as principais liñas de actuación en base a:

- *Os obxectivos marcados na estratexia Europa 2020:*
  - Reducir o abandono escolar prematuro ao 10% e elevar a porcentaxe de mozos e mozas con titulación de grao superior ou equivalente ao 40%.
  - Aumentar a taxa de emprego dos 20 aos 64 anos ata o 75%, sendo primordial reducir o alto nivel de desemprego xuvenil.
- *A información recadada a través do Comité Galego de Políticas de Xuventude das medidas destinadas para a mocidade.*



## 2. MARCO NORMATIVO

As políticas en materia de xuventude veñen inspiradas por un marco integral normativo nos ámbitos autonómico, estatal e europeo, que se expón a continuación:

### ÁMBITO AUTONÓMICO

O actual marco normativo a nivel autonómico no ámbito da xuventude está constituído pola que foi a primeira Lei de xuventude da historia da autonomía galega, a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

Precisamente este novo texto legal, trata de reforzar a transversalidade e a coordinación das políticas públicas en materia de xuventude, creando o instrumento do Plan estratéxico de xuventude de Galicia ao servizo destes fins, e en conexión directa co novo órgano, Comité Galego de Políticas de Xuventude.

No preámbulo da Lei se considera a este instrumento de planificación plurianual, como un elemento de grande importancia para a toma de decisións a medio prazo, regulándose logo no Título I a Planificación en materia de xuventude, e concretamente no Capítulo I o Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia e no Capítulo II, os sectores básicos de transversalidade, que van coincidir cos eixos nos que se estruturará o Plan.

Destacar tamén que a nova Lei de xuventude ven a dotar dun novo marco ao movemento participativo xuvenil coa creación do Consello Asesor e Consultivo de Galicia, ao que crea como órgano colexiado de participación, representación e consulta das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de xuventude. Os seus fins aparecen regulados no artigo 52, e como novidade



## XUNTA DE GALICIA

neste ámbito sinalar que se favorece o acceso a este órgano por parte das distintas entidades de participación xuvenil, á vez que se garante unha representación de voto mínima para as asociacións xuvenís de ámbito autonómico e os consellos locais de xuventude, facilitando e promovendo a creación destes últimos.

A normativa galega no ámbito da xuventude se completa co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, así como o decreto 58/2012 para a súa adaptación á Directiva de servizos, que, tal e como establece a disposición derogatoria única da Lei de Xuventude de Galicia, continuarán sendo de aplicación en tanto non entre en vigor a normativa de desenvolvemento da Lei e en todo en canto non se opoña ao establecido na mesma.

Así, nesta última norma seguen regulándose a día de hoxe:

- Título I: Condicións técnicas das instalacións xuvenís.
- Título II: Actividades de aire libre destinadas á mocidade.
- Título III: Regulación dos programas de formación a impartir nas escolas de tempo libre.
- Título IV: Censo de entidades xuvenís
- Título VI: Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil

Entrou en vigor tamén a nova Lei 10/2011, do 28 de novembro, de Acción Voluntaria, que ten por obxecto ordenar e fomentar a participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos; así como regular as relacións que se poidan establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria e as persoas destinatarias da acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.





## XUNTA DE GALICIA

Norma que tamén cobra importancia no ámbito da xuventude en canto son moitas as persoas mozas que levan a cabo actividades de voluntariado e participan en programas de solidariedade, como unha mostra máis dos valores da xuventude galega.

### ÁMBITO ESTATAL

O artigo 9.2. da *Constitución Española* encomenda aos poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, eliminando os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Por outra banda, o artigo 48 encoméndalles aos mesmos poderes públicos a promoción das condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

Dentro da lexislación estatal, consideramos os seguintes:

- *Lei 18/1983, do 16 de novembro*, que crea o organismo autónomo Consejo de la Juventud de España, co fin de ofrecer unha canle de libre adhesión para fomentar o asociacionismo xuvenil e propiciar a participación da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural de España.

- *Real Decreto 486/2005, do 4 de maio*, que aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto de la Juventud de España (INJUVE), con similares principios xerais de actuación:

- promover a igualdade de oportunidades entre a xuventude
- propiciar a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.



## XUNTA DE GALICIA

- impulsar a colaboración cos restantes departamentos ministeriais e as demais administracións públicas, con competencias que incidan sobre a xuventude.

• *Resolución de 4 de xullo de 2012, de la Subsecretaría, pola que se actualiza a Carta de servizos do Instituto de la Juventud e Resolución de 29 de xullo de 2011, da Subsecretaría pola que se aproba a Carta de Servizos do Instituto de la Juventud, en cumprimento das disposicións contidas no Real Decreto 951/2005, de 9 de xullo.*

A carta de servizos do Instituto de la Juventud de España establece os seguintes servizos:

1. Cooperación Internacional, a través do programa “Juventud en Acción”, a cooperación multilateral, campos de traballo do Servizo Voluntariado Internacional e promoción da mobilidade xuvenil (carnés para mozos/as).
2. Promoción do Asociacionismo Xuvenil, a través das subvencións do Réxime Xeral do Injuve, subvencións a cargo á asignación tributaria do IRPF, información e asesoramento técnico a asociacións xuvenís e colaboración e apoio ao Consello da Xuventude de España.
3. Observatorio da Xuventude en España, o cal dedicase a realización de estudos e investigacións, estatísticas sobre mocidade, sóndeos de opinión, revista de estudos “De Xuventude”, mozos/as nos medios de comunicación, bases de datos de documentación, produtos documentais e biblioteca da mocidade.
4. Emancipación (emprego e vivenda), a través das bolsas de Vivenda xoven en aluguer, oficinas emancipación xoven (en colaboración coas comunidades autónomas), información sobre axudas ao emprendemento, apoio á elaboración do plan de empresa e microcréditos para a mocidade desfavorecida.



## XUNTA DE GALICIA

5. Información Xuvenil, constituída pola Rede de servizos de información xuvenil, difusión de información para a mocidade, formación de informadores e cooperación europea en materia de información xuvenil.
6. Premios Injuve para a Creación Xoven, a través da convocatoria anual de Premios nas modalidades de: Artes Visuais, Cómico e Ilustración, Deseño, Interpretación Musical, Composición de Música Contemporánea, Textos teatrais “Marqués de Bradomín”, Narrativa, Poesía e Propostas Escénicas.
7. Formación, a través do Certame “Xóvenes Investigadores” e diálogos e encontros para mozos/as.
8. Centro Eurolatinoamericano de Xuventude (CEULAJ), centro situado en Mollina (Málaga) para a realización de actividades de formación e intercambio de experiencias tanto no ámbito nacional como internacional.
9. Actividade editorial e divulgativa, conleva a realización de estudos, informes e catálogos, revistas, guías e folletos e promoción externa.

Como consecuencia da crise que dende o 2008 afecta a España e outros países europeos, o 24 de xuño de 2009 o Pleno do Senado crea unha Comisión de Estudo para a elaboración do Libro Branco da xuventude en España co horizonte do ano 2020, que culmina o 27 de abril de 2011 coa aprobación do Informe final.

No Libro Branco Xuventude en España 2020 establécense as seguintes liñas básicas de cambio e transformación, as que terá que dar resposta:

- a) A modificación que supón a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación no entorno inmediato, así como no desenvolvemento económico, o emprego, a autonomía e a identidade persoal.



## XUNTA DE GALICIA

- b) A transformación nas formas de participación social e política, que poden conlevar unhas actitudes mais activas e democráticas ou, pola contra, unhas actitudes mais pasivas e xerárquicas.
- c) O aumento das dificultades para acadar unha emancipación persoal.
- d) A necesidade de cambios no sistema educativo para adaptarse ás necesidades económicas, sociais e culturais.
- e) O aumento das diferenzas sociais, a fragmentación social e a heteroxeneidade cultural.
- f) Os cambios que se producen nas relacións de xénero e as estruturas familiares.
- g) A necesidade de que as políticas de xuventude ocupen un lugar central, conceptualizándose de forma clara, visible, estable, con recursos suficientes e adecuados, persoal cualificado e dotándose dun carácter universal.

Para elo, establécense as seguintes liñas de traballo.

- A transición cara a vida adulta: educación, formación, emprego e vivenda.
- As condicións de vida das persoas mozas: saúde, mobilidade e outros aspectos dos estilos de vida xuvenís.
- O compromiso social: participación, voluntariado e cooperación.
- Compartindo valores: inclusión, igualdade e non discriminación.
- Valores, identidades e proxectos de vida.

En marzo do 2013 preséntase unha Estratexia de Emprendemento e Emprego Xove 2013-2016 como medida de desenvolvemento do proxecto de Garantía Social aprobado pola Unión Europea en febreiro de 2013.



## XUNTA DE GALICIA

Esta estratexia recolle 100 medidas dirixidas a reducir o desemprego xuvenil, a través da educación, a formación, o coñecemento de idiomas, as novas tecnoloxías, o fomento do emprendemento e a mellora da intermediación para facilitar o acceso a un posto de traballo. Para elo, establécense 15 medidas prioritarias, a levar a cabo a curto prazo e 85 medidas para poñer en marcha a medio-longo prazo.

15 medidas prioritarias:

1. Estender os programas formativos dirixidos a obtención de certificados de profesionalidade e con compromiso de contratación.
2. Desenvolvemento de estímulos para obter o título de Educación Secundaria Obrigatoria.
3. Tarifa plana para mozos/as emprendedores/as (establecemento dunha cota mínima de 50€ durante seis meses para as novas altas de mozos/as autónomos/as á Seguridade Social).
4. Compatibilización durante nove meses da prestación por desemprego co inicio dunha actividade por conta propia.
5. Ampliación das posibilidades de aplicación da capitalización por desemprego.
6. Mellora da financiamento para as persoas autónomas e os emprendedoras.
7. Reanudación do cobro da prestación por desemprego tras realizar unha actividade por conta propia.
8. Creación de oficinas de referencia nos Servizos Públicos de Emprego especializadas no asesoramento da persoa emprendedora.
9. Contrato “XERACIÓNS”, cuio obxectivo é facilitar a incorporación da experiencia dos/as mozos/as autónomos aos proxectos.
10. Fomento da Economía Social e do emprendemento colectivo.
11. Canalizar e sistematizar un “PORTAL ÚNICO DE EMPREGO”.



## XUNTA DE GALICIA

12. Contratación con “VINCULACIÓN FORMATIVA” (posibilidade de compatibilizar emprego a media xornada con formación).
13. Micropyme e autónomo, redución do 100% das cotas á Seguridade Social durante un ano de persoas autónomas e empresas de ata 9 traballadores que contraten de forma indefinida a mozos/as.
14. “PRIMEIRO EMPREGO” mozo, destinado a que os/as mozos/as podan ter a súa primeira experiencia profesional.
15. Contrato en “PRÁCTICAS”.

85 medidas de medio-longo prazo: As medidas agrúpanse as seguintes temáticas

- Medidas relacionadas coa educación e formación, para favorecer a permanencia no sistema educativo, recoñecendo o valor da formación profesional e permitir a adquisición de competencias de utilidade para o emprego o para que a mocidade continúe a súa formación.
- Actuacións para mellorar a capacidade e a empregabilidade da mocidade entre as que se atopan a incorporación nos medios audiovisuais de programación en versión orixinal nos idiomas mais demandados e o emprego de ferramentas de formación avanzadas de base tecnolóxica.
- Medidas para fomentar o emprendemento e o autoemprego entre as que se atopa o estudo do impacto das cargas administrativas que asumen os traballadores autónomos co obxectivo de reducilas ao mínimo posible e a potenciación dos viveiros de empresas e espazos de co-working.
- Accións para mellorar a orientación, o acompañamento e a información á que teñen acceso á hora de buscar un emprego: observatorios ocupacionais, guía práctica do emprendedor ou modernización dos servizos públicos de emprego.



- Outras medidas para incentivar a contratación e posibilitar a compatibilidade entre emprego e formación e garantir a igualdade de oportunidades: implantación de horarios flexibles para facilitar a conciliación, impulso do teletraballo e orientar os recursos do Fondo Social Europeo e do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización á inserción laboral de colectivos de maiores dificultades.

Á hora de deseñar cada unha das medidas tívose en conta as características e necesidades dos diferentes colectivos de mozos/as cos que nos podemos atopar: mozos/as sen experiencia laboral, mozos/as sen formación, mozos/as parados de longa duración, mozos/as cualificados, mozos/as con prestacións por desemprego, ou para a mocidade, en xeral, que se atopa inscrita nos servizos públicos de emprego.

#### ÁMBITO EUROPEO

As bases para a elaboración deste Plan Estratéxico de Xuventude, ademais de enmarcarse na normativa autonómica e nacional e de camiñar en consonancia coa planificación e programática que desde estes ámbitos está proxectada, ten en conta tamén a visión e as pautas a nivel europeo que sobre os problemas da xuventude e os enfoques para superalos se plantexan.

No ano 2010 conclúe a vixencia da Estratexia de Lisboa e nace unha nova Estratexia Europa 2020, onde se determina o coñecemento e a innovación, a sustentabilidade e a cohesión social e territorio como tres prioridades para consolidar o crecemento económico.

A *Estratexia da UE para a Xuventude (2010 – 2018)*, que entrou en vigor tras a presidencia europea do trío España – Bélxica – Hungría, foi aprobada no Tratado de Lisboa, que establece os seguintes artigos en materia de xuventude:



## XUNTA DE GALICIA

- *artigo 47*: facilitar, no marco dun programa común, o intercambio de persoas traballadoras mozas.

- *artigo 165*: favorecer o incremento dos intercambios de mozos e mozas e de animadores/as socioeducativos/as, e fomentar a participación da xuventude na vida democrática de Europa, así como desenvolver a dimensión europea do deporte, especialmente a da mocidade.

- *artigo 166*: facilitar o acceso á formación profesional e favorecer a mobilidade dos educadores e das persoas en formación, especialmente da xuventude.

- *artigo 214*: crear un Corpo Voluntario Europeo de Axuda Humanitaria a fin de establecer un marco para que a mocidade europea poida aportar contribucións comúns ás accións de Axuda Humanitaria da UE.

Este *Marco Renovado da Xuventude 2010 – 2018* establece dúas dimensións xerais:

- empregabilidade: crear máis oportunidades e en condicións de igualdade para toda a xuventude na educación e no mercado de traballo.
- participación: promover a cidadanía activa, a inclusión social e a solidariedade da mocidade.

Propón como principais ámbitos de actuación nos que se deben levar a cabo as pertinentes accións: educación e formación, emprego e espírito emprendedor, saúde e benestar, participación, actividades de voluntariado, inclusión social, a xuventude e o mundo, e creatividade e cultura. Estes ámbitos son referencia á hora de estruturar o noso Plan nos 11 eixes de acción que o vertebran.

A *Estratexia Europa 2020 – Xuventude en movemento* enfócase principalmente á redución do abandono escolar e ao incremento da taxa de emprego, proponendo actuacións concretas, baseadas en tres aspectos principais:





## XUNTA DE GALICIA

### - Educación e formación de calidade:

- Aprendizaxe permanente: Co fin de reducir o abandono escolar establécense dúas liñas de actuación, por un lado, dar un impulso a educación e formación profesional como medio para adaptarse ás exixencias do mercado laboral e por outro lado, facilitar a reincorporación á aprendizaxe a través de ensinanzas non formais e informais.
- Ensinanzas superiores: Faise necesario unha modernización do sector da ensinanza superior, de aí a importancia de crear ferramentas que faciliten o coñecemento por parte do/a estudante dos resultados obtidos con anterioridade nun determinado ámbito da educación superior, así como o desenvolvemento de mecanismos que permitan vincular a educación coa investigación e a innovación.

- Integración efectiva no mercado laboral: Creación de mecanismos de apoio na transición entre a educación e o traballo a través de medidas activas no mercado laboral e/ou medidas sociais. Así como, a adopción de medidas incentivadoras para que o tecido empresarial contrate a principiantes. Sen esquecer as oportunidades que o traballo por conta propia ofrece para reducir o desemprego xuvenil, polo que é fundamental que dende o sistema educativo se fomente o espírito e mentalidade empresarial e a mocidade conte con oportunidades e apoios á hora de por en marcha a súa idea empresarial.

- Mobilidade: A mobilidade vai permitir que os/as mozos/as adquiren novas competencias profesionais e mellorar, así, a súa empregabilidade. Para elo:

- Crease un sitio web “Juventud en Movimiento” para informar sobre as oportunidades de aprendizaxe e mobilidade na Unión Europea.
- Proposta dun proxecto de Recomendación no que se abordan os obstáculos para a mobilidade na formación.



## XUNTA DE GALICIA

- Desenvolvemento dunha tarxeta de “Xuventude en Movemento” para facilitar o proceso de integración dos/as estudantes en mobilidade no estranxeiro.
- Desenvolvemento no 2012 nun Pasaporte Europeo de Capacidades baseado en Europass para facilitar o recoñecemento das competencias adquiridas en toda a Unión Europea ao marxe do sistema de ensinanza formal polos/as mozos europeos.
- A posta en marcha dun proxecto piloto “O teu primeiro traballo Eures”, para estudar novos mecanismos de axuda a mocidade a encontrar emprego en calquera punto da UE.
- Un “Monitor Europeo de Ofertas de Emprego” que identifique postos dispoñibles asociados as competencias necesarias.

No marco da Estratexia Europea 2020 e da iniciativa “Xuventude en Movemento”, a Comisión Europea en decembro de 2012 fai unha serie de recomendación para o establecemento da *Garantía Xuvenil*, a de paliar os efectos do desemprego xuvenil e a inactividade da mocidade europea:

- *Medidas relacionadas co asociacionismo*: Garantir que a mocidade estea informada dos servizos e os apoios dispoñibles e reciba unha boa oferta de emprego, educación continua, formación de aprendiz ou período de prácticas. Así como, potenciar a participación de asociacións, organización e axentes sociais no deseño e aplicación do sistema de Garantía Xuvenil, adaptando os servizos ás necesidades das persoas beneficiarias.
- *Medidas de intervención e activación tempera*: Diseñar estratexias eficaces para chegar á mocidade, ofrecendo un mellor apoio á mocidade e asegurando unha coordinación entre os diferentes organismos e entidades implicadas na xestión de sistemas de Garantía Xuvenil. Así como, permitir aos servizos de emprego ofrecer unha orientación personalizada e plans de actuación individuais.



o *Medidas de apoio para a integración no mercado de traballo:*

- Mellora de aptitudes:

- Ofrecer alternativas para a reincorporación á educación e a formación de mozos/as que abandonaron prematuramente os seus estudos.
- Mellorar as aptitudes e as competencias en novas tecnoloxías.
- Promover a orientación sobre emprendemento e traballo por conta propia dende o eido educativo.

- Mercado laboral:

- Reducir os custes laborais non salariais.
- Emprego de subvencións salariais e contratacións específicas que animen ás persoas empregadoras a crear novas oportunidades para a mocidade.
- Promover a mobilidade da man de obra dando a coñecer aos/ás mozos/as ofertas de traballo, períodos de prácticas ou formación de aprendices noutras zonas, rexións e/ou países.
- Por a disposición da mocidades servizos e apoio a creación de empresas.

o *Medidas a cerca dos Fondos Estruturais da UE:* Priorizar as necesidades á hora de asignar os recursos, tendo en conta os obxectivos específicos que garden relación coa implementación dos sistema de Garantía Xuvenil, en particular as e non reciben formación.

Así mesmo, se establecen mecanismos de seguimento, avaliación e control das accións programadas dentro do sistema de Garantía Xuvenil.